



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
14 DE NOVEMBRO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Dar conta do estado das obras dos Orzamentos participativos 2017
3. Rogos e preguntas

No antigo preescolar do Viso, sendo as vinte horas e corenta minutos, do día caotrc de novembro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- José Manuel Campelos Mariño, representante das comunidades de augas
- M<sup>a</sup> José Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- José Núñez Iglesias, representante das asociacións veciñais
- Fernando Veiga Estévez, representante da comunidade de montes
- Alberto Couñago Castellano, representante da comunidade de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidos/as de min, M<sup>a</sup> Luísa Sanmartín Rodríguez, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

**1. Aprobación da acta da sesión anterior.**

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 19.06.2017.

O Consello Parroquial do Viso, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

**2. Dar conta das obras dos Orzamentos participativos 2017**

A Sra. Presidenta do Consello Parroquial do Viso pregunta aos asistentes se están de acordo coa petición dos veciños de Soutoxuste que queren ampliar a entrada/saída do restaurante Pachani porque é moi estreita; o propietario dá ese terreo e cos cartos que sobran dos quitamedos destínanse a facer ese desterro. Dese xeito tamén se lle facilita aos peregrinos que pasen sen perigo.

Os presentes están de acordo que se faga esa ampliación.

O Sr. Veiga Estévez indica que hai que ter en conta os postes da luz que puxeron na zona.

Continúa a Sra. Presidenta informando que está no Departamento de Contratación a obra do asfaltado do camiño da cultural e tamén o de Saramagoso. Manifesta que ao final a veciña "Rosíña", por motivos económicos, non se engancho ao saneamento, que espera que despois de asfaltar non vaia romper o asfalto para enganchar á rede de saneamento. A pesar de que pode facer o pago fraccionado non quixo.

O Sr. Freire Collazo indica que se despois rompe o asfalto xa non queda ben.

---

**Concello de Redondela**



A Sra. Vidal Dasilva intervéen para expor que Rosiña non pode afrontar esa obra, supón que o fará o día de mañá a súa irmá.

A Sra. Presidenta continúa explicando que tratou de negociar o asunto do aparcamento do colexio de Cesantes cos propietarios dos terreos pero ningún deles está interesado en vender, a resposta foi rotundamente que non, nin sequera quixeron falar dun prezo.

Intervén o Sr. Campelos Mariño preguntando se non se poden expropiar.

O Sr. Freire Collazo indica que se algún día o colexio se amplía pódennlo expropiar.

A Sra. Presidenta manifesta que ten que consultar o tema da expropiación para ver que posibilidades habería.

Continúa expondo que falou co home de Susana polo asunto do alboio que impide o paso de autobuses e máis vehículos. O home está enfermo, foi polo Concello por outro asunto e comentoulle o tema e dixo que non había problema en tirar o alboio, non obstante despois chamou ao tío de Susana e el di que a metade da propiedade é de Susi e a outra de todos os herdeiros. Tendo en conta que hai varios propietarios é un asunto delicado.

Intervén o Sr. Freire Collazo manifestando que esas persoas están erradas, a casa quedoulle a moitos sobriños pero esa parte é de Susana.

A Sra. Presidenta di que Susi quere que o Concello tire a chimenea.

O Sr. Freire Collazo indica que a vía é moi xusta, non pasa ben o autobús.

A Sra. Acevedo Santoro matiza que ata é complicado para pasar dous coches.

Por outra banda, a Sra. Presidenta déixalles copia aos presentes de todas as actuacións levadas a cabo para reclamarlle á Deputación, sobre seguridade, beirarrúas, peticións de reunións co deputado Uxío, a do sinal de tonelaxe, etc.

A Sra. Vidal Dasilva manifesta que o sinal xa está posto.

Informa a Sra. Presidenta que polos cambios de persoas no posto de secretaría do Concello, hai un retraso nas obras de saneamento, xa que hai que facer pregos. Os da Nogueiriña están feitos pero tenos que revisar o novo secretario.

O Sr. Veiga Estévez pregunta polo céspede do campo de fútbol do Cesantes e polo de futbito.

A Sra. Presidenta indica que a pista de futbito non está inventariada, ninguén ten documentos.

O Sr. Veiga Estévez expón que é un terreo baldío, non costa a nome de ninguén.

A Sra. Presidenta explica que a Administración non pode realizar actuacións sen documentos, hai procedementos a seguir, pedir autorizacións, etc. Limpar, límpase pero inversión non se pode realizar. Queda en consultarlle ao secretario xeral como se



pode adquirir esa pista se non hai ningún propietario nin documentación.

### **3. Rogos e preguntas**

A Sra. Acevedo Santoro comunica que hai problemas na saída da estrada da Nogueira no cruzamento da Ganga; hai un colector e aparcan os coches e non se ve, debe poñerse un sinal para que non aparquen senón hai que meterse na estrada para saír.

A Sra. Presidenta indica que hai que sacar fotos e requerirlo a Fomento, titular da vía, xa que na estrada nacional o Concello non ten competencia.

A Sra. Vidal Dasilva lembra que o Concello ten que seguir insistindo no tema das beirarrúas.

O Sr. Núñez Iglesias expón que falta colocar un colector do lixo onde está o restaurante Pachani.

A Sra. Presidenta indica que os están cambiando, que é un tema do concelleiro de medio ambiente.

O Sr. Couñago Castellano require que se arranxe a marquesiña da Nogueira, xa que mete auga.

O Sr. Veiga Estévez expón que antes había un espello no camiño de Campelos que sae a Cesantes. Tamén lembra que hai moitos carteis dos topónimos borrosos, hai que cambialos.

Intervén a Sra. Presidenta informando que tamén hai moitos que os pintaron a propósito despois de renovalos.

O Sr. Couñago Castellano pregúntalle á Sra. Presidenta como quedou o tema do camiño que foran ver os dous, explícallo a Sra. Presidenta indicándollo nun plano.

A Sra. Acevedo Santoro pide dous espellos, un para a zona de arriba da súa casa e outro para os que veñen do campo de fútbol.

O Sr. Veiga Estévez pregunta como está o tema do proxecto da Peneda.

A Sra. Presidenta indica que hai dous proxectos adaptados a unha subvención pero non houbo acordo co Concello de Soutomaior.

Agora prevese refundir os dous proxectos nun, hai que ter en conta que canto máis se quera facer menos van aceptar en Patrimonio. Unha das cousas que se prevén é facer un acceso para persoas con discapacidade á Peneda.

A Sra. Vidal Dasilva pide que se poña luz.



E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as nove e corenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como secretaria do Consello, DOU FE.

**Aprobada definitivamente na sesión do 15/02/2018**

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 (Pontevedra). Tfno. 986400300. Fax: 986403894